O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:46
Nº Rexistro: 48174
Data envio: 24/01/2023 12:45:46.160

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:45:42

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:38
Nº Rexistro: 48173
Data envio: 24/01/2023 12:45:38.707
Data 24/01/2023 12:45

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 37947,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia respecto da elaboración do III Programa Muller e Ciencia"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 9 de xuño o Consello da Xunta deu luz verde ao III Programa Muller e Ciencia que promove a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Este instrumento conta cun orzamento de 44,7 millóns de euros, ten 20 obxectivos específicos e 50 medidas para avanzar na incorporación das mulleres, en condicións de igualdade, ao ámbito científico e tecnolóxico. Todas elas artéllanse en torno a 4 eixes prioritarios.

O primeiro dos eixes busca dar visibilidade ás traballadoras nestes sectores, na idea de sensibilizar á sociedade, de impulsar o coñecemento de referentes femininas e de formar o persoal docente para animar ás nenas na súa vocación.

O segundo eixe pon o foco na igualdade no acceso e promoción das mulleres no ámbito da ciencia. Prevé actuacións de apoio ás vocacións no bacharelato e un sistema de monitoreo nas etapas iniciais da carreira investigadora coa axuda de asociacións de científicas e investigadoras. Tamén contribuirá ao impulso da Lei Ánxeles Alvariño e ao establecemento de criterios de discriminación positiva: na avaliación do desempeño do persoal investigador, dos proxectos, no liderado por parte de mulleres dos equipos e o reforzo das investigadoras principais, así como o impulso ao doutoramento feminino industrial.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175887
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:45:35

O terceiro eixe diríxese ao traballo con institucións públicas e privadas, con medidas específicas como acordos para que conten con plans de igualdade, medidas antiacoso, promovan axudas específicas para o coidado de menores e dependentes ou mesmo se reforcen as iniciativas emprendedoras de mulleres en proxectos tecnolóxicos e científicos, en especial no medio rural.

O cuarto céntrase na vixilancia da situación das mulleres no eido da ciencia, mediante a avaliación periódica do grao de cumprimento do programa e dos seus indicadores.

Para o deseño do III Programa Muller e Ciencia, a Xunta abriu un proceso participativo,

que contou coas contribucións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:38
Nº Rexistro: 48173
Data envio: 24/01/2023 12:45:38.707

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:45:35

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:45
Nº Rexistro: 47739
Data envio: 20/01/2023 11:43:45.747
Data 20/01/2023 11:43

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37967,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte da Xunta de Galicia da alimentación das persoas usuarias das residencias de maiores en Galicia"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Unha das funcións da inspección de servizos sociais é comprobar que as residencias de maiores contan con dietas especializadas e texturas en función das patoloxías das persoas usuarias, e que estas dietas están supervisadas por persoal médico ou técnico en dietética e nutrición, que deben conter produtos variados e en cantidade suficiente para garantir as necesidades básicas de atención das persoas usuarias. Nalgúns casos recíbense queixas das persoas usuarias ou dos familiares relacionadas coa alimentación. Ditas queixas veñen motivadas na súa maior parte pola escaseza na cantidade dos alimentos subministrados e nalgún caso pola ausencia de sabor. Todas estas reclamacións son obxecto de comprobación polo persoal inspector e do resultado das actuacións dáse traslado á persoa reclamante. As actuacións inspectoras verifican que en todos os casos exista unha supervisión dos menús e dietas específicos por profesional médico ou técnico especialista en dietética e nutrición que avale o contido dos menús tendo en consideración ás diferentes patoloxías das persoas usuarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175890
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/01/2023 11:43:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:45
Nº Rexistro: 47739
Data envio: 20/01/2023 11:43:45.747

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2023 11:43:42

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:38
Nº Rexistro: 47738
Data envio: 20/01/2023 11:43:38.528
Data 20/01/2023 11:43

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37971,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Para reducir os tempos de resposta ante as solicitudes, a Xunta de Galicia estableceu dende 2018 un plan de acción para a mellora do procedemento oficial de recoñecemento da discapacidade, baseado en tres eixes fundamentais:

- Reforzo de persoal

-Simplificación administrativa

- Incremento orzamentario

A través deste plan, puxéronse en marcha importantes medidas de reforzo de persoal ao tempo que se realizaron outras melloras de carácter estrutural. Entre estas últimas cómpre salientar: a revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación á que se poida ter acceso se o solicitante autoriza á súa consulta. Tamén se apostou por potenciar a utilización da Historia Social Única no procedemento de discapacidade; dar prioridade a determinadas patoloxías; ou por mellorar tanto a xestión como a notificación das citas; ademais de implantar a confirmación das mesmas a través de SMS.

As medidas de reforzo de persoal levadas a cabo permitiron a contratación de distintos profesionais médicos, psicólogos e de traballo social.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175892
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/01/2023 11:43:35

Este reforzo supuxo un importante incremento sobre o número de equipos existentes previamente que, en conxunto co resto de accións establecidas, resultou unha medida moi efectiva para aumentar o número de expedientes resoltos na valoración da discapacidade.

En canto ao número de expedientes pendentes de valoración, indicar que esta cifra depende do volume de solicitudes; se son expedientes iniciais de valoración ou de revisión; do criterio de urxencia na tramitación ou dos recoñecementos temporais debido á posibilidade de melloría e do seu tempo de vixencia, entre outros factores.

Outro dos eixos do traballo para a mellora deste proceso e o incremento da financiación. Neste senso o compromiso da Xunta coa discapacidade tamén é irrefutable, como o amosa que o investimento neste 2023 en atención á discapacidade ascende a 165,2 millóns de euros, a máis elevada da historia da autonomía.

Así mesmo, Galicia incrementou nun 30% o número de pazas a atención á discapacidade desde 2009, ata chegar ás 5.800 actuais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:38
Nº Rexistro: 47738
Data envio: 20/01/2023 11:43:38.528

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2023 11:43:35

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:31
Nº Rexistro: 47737
Data envio: 20/01/2023 11:43:31.138
Data 20/01/2023 11:43

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37973,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Daniel Pérez López, sobre **"as condicións laborais e salariais das traballadoras do servizo de axuda no fogar"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un dos piares da atención á dependencia en Galicia, xa que a través del máis de 25.000 persoas reciben coidados profesionais nos seus fogares.

Esta cifra representa máis do 31% das persoas dependentes con prestación, o dobre que a media española e sitúa á nosa Comunidade como a segunda en porcentaxe de persoas beneficiarias, só por detrás de Andalucía.

Estes datos demostran que o SAF é un servizo esencial para moitos galegos, por iso a Xunta reforza cada ano os orzamentos que destina a esta prestación:

En 2022, o investimento superou por primeira vez os 100 M€;

E para o 2023 volverá a incrementarse ata os 112 M€, un 10% máis. A Xunta de Galicia incrementará o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ata os 12€/hora para adiantar o compromiso de lexislatura fixado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e axudar aos concellos na prestación deste servizo municipal.

O SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno galego, pero a súa xestión é municipal tal e como recolle a Lei de Servizos Sociais de Galicia (art. 11.f).

É dicir, o SAF é unha competencia municipal (art.60), polo tanto son os propios concellos os que prestan este servizo ben de forma directa ou a través dunha adxudicación. Deste xeito, correspóndelle aos concellos velar para que se cumpran as condicións – tamén as laborais - recollidas no contrato celebrado coa empresa adxudicataria.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175895
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/01/2023 11:43:27

Pola súa banda, o Goberno galego, concretamente á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Inspección de Servizos Socias, supervisa que o servizo se preste de forma axeitada e coas máximas garantías.

A Xunta de Galicia non participa na negociación dun convenio colectivo no que, o Estatuto dos Traballadores establece que a negociación colectiva se desenvolve entre os representantes do persoal e dos empresarios, polo tanto o Goberno galego non pode nin debe inmiscirse no diálogo entre ambas partes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:31
Nº Rexistro: 47737
Data envio: 20/01/2023 11:43:31.138

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2023 11:43:27

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:18
Nº Rexistro: 47736
Data envio: 20/01/2023 11:43:18.950
Data 20/01/2023 11:43

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37983,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da situación actual e as previsións do Goberno galego en materia de fomento da participación e do asociacionismo xuvenil en Galicia, así como da inactividade do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Cómpre destacar que a Lei 6/2012 do 19 de xuño, primeira Lei de xuventude de Galicia, reforza a participación xuvenil, colocándoa como sector básico da transversalidade xunto coa educación, o emprego, a vivenda ou o voluntariado, entre outros. Esta participación na sociedade pode estruturarse a nivel individual como a través de fórmulas asociativas ou mediante grupos informais e por iso, a maiores de posibles órganos colexiados, desde a Xunta de Galicia foméntase de xeito decisivo a participación da mocidade galega a través das asociacións xuvenís e as súas federacións; das seccións xuvenís de asociacións non xuvenís; ou mediante as novas fórmulas de asociacionismo xuvenil sen personalidade xurídica, coas cales se busca tamén un achegamento inicial á cultura da participación co obxectivo final de reverter no crecemento do asociacionismo.

Unha das ferramentas cuxo principal obxectivo é favorecer o asociacionismo e participación xuvenil é a liña de axudas anuais de Iniciativa Xove, a través da cal se outorga financiamento a entidades, asociacións e grupos informais co obxectivo último de promover activamente a participación xuvenil e de facilitar o desenvolvemento de proxectos por e para a mocidade.

A maiores, e co fin de poder dar unha reposta axustada ás demandas e necesidades da mocidade galega de xeito continuo, a Consellería de Política Social e Xuventude considera clave recoller as súas inquedanzas, problemáticas e propostas nos diferentes ámbitos que

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175898
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/01/2023 11:43:08

son do seu interese e relevancia, ben sexa fomentando esta participación desde o plano asociativo ou ben dun xeito totalmente horizontal, directo e mediante fórmulas informais. De feito, ao longo deste ano levarase a cabo un amplo proceso participativo en torno ao vindeiro Plan estratéxico de xuventude 2022-2027, intentando mellorar tamén os resultados da estratexia anterior.

A rede de espazos xove constitúe outro instrumento para promover a participación xuvenil plena, exercendo como lugares de encontro entre os mozos e mozas e consolidándose como verdadeiros espazos que favorecen o diálogo e a participación da xuventude en todos os ámbitos que lle son de interese. Desde a Xunta de Galicia seguirase apostando por estes encontros máis locais, así como por outros a maior escala, como foi o caso dos eventos "Mocidade" ou "Primavera Xove" para favorecer a comunicación entre a mocidade con inquietudes similares, xerar debates e traballo en equipo arredor de temas de interese e poder así dar resposta a novas necesidades e demandas. Así mesmo, a nova oficina virtual de asesoramento e orientación xuvenil non só buscará despexar dúbidas sobre cuestións concretas, senón tamén exercer como outra canle de comunicación directa entre a mocidade e a administración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2023 11:43:18
Nº Rexistro: 47736
Data envio: 20/01/2023 11:43:18.950

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/01/2023 11:43:08

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:29
Nº Rexistro: 48172
Data envio: 24/01/2023 12:45:29.848
Data 24/01/2023 12:45

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38012,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o desenvolvemento da tarefa de seguridade nos centros de menores"** (publicada no BOPG número 363 do 19 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta actuou sempre seguindo a Lei de contratos do sector público para paliar a deficiencia no servizo de vixilancia dos centros de menores Avelino Montero, de Pontevedra, e Santo Anxo Rábade por parte da empresa Mersant Vigilancia SL. No mes de decembro de 2021 a empresa contratista comezou a almacenar atrasos no pagamento dos salarios dos traballadores e comezáronse a producir defectos na prestación do servizo ao non cubrirse as baixas. A Consellería de Política Social e Xuventude iniciou un expediente de imposición de penalidades e tentou contactar cos responsables. Ante os infrutuosos intentos de comunicación e notificación, o 1 de marzo do 2022 procedeuse a resolución formal do contrato con dita empresa e procedeuse á contratación de emerxencia dun servizo de reforzo de vixilancia e seguridade mentres transcorrían os prazos legais para resolver este contrato. Esta situación provisional manterase ata que se tramite un novo proceso de licitación. O obxectivo da Xunta de Galicia foi

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sempre o de velar pola seguridade dos menores que son atendidos nestes centros e poñer fin no menor tempo posible á situación de impago aos traballadores que estaban a prestar o servizo. Así mesmo, será a xustiza a que asista a estes traballadores e lles recoñeza o dereito ao cobro das mensualidades que a empresa deixou sen pagar**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:29
Nº Rexistro: 48172
Data envio: 24/01/2023 12:45:29.848

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:45:26

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:15
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 24/01/2023 12:45:15.676
Data 24/01/2023 12:45

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38018,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"a situación na que se atopan os puntos de encontro familiar"** (publicada no BOPG número 363 do 19 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.

Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

- Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia está a analizar a mellora dos PEF xa existentes e o incremento do número dos mesmos na nosa Comunidade coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

Nestes momentos están en funcionamento os PEF das sete cidades e o do Barbanza e estanse avanzando noutros centros comarcais coma a Mariña ou o Deza. Coa creación deste décimo PEF na comarca do Deza, o Goberno galego avanza cara o propósito de chegar aos 14 centros por toda Galicia.

Dende os PEF, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. As derivacións a estes centros procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio PEF, distinto ao que recibe o resto de casos.

De feito, todos os PEF de Galicia contan cun protocolo de actuación para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto. Desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado cos centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:45:15
Nº Rexistro: 48170
Data envio: 24/01/2023 12:45:15.676

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:45:12

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:59
Nº Rexistro: 48168
Data envio: 24/01/2023 12:44:59.598
Data 24/01/2023 12:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38022,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do esclarecemento dos abusos sexuais a menores por parte de membros da Igrexa católica"** (publicada no BOPG número 363 do 19 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia conta con protocolos e programas para a concienciación, o tratamento e o apoio ás vítimas que se poñen en marcha desde hai anos ante estas situacións.

Todos os casos de abusos sexuais teñen que ser denunciados e teñen que saír á luz sen importar cando, onde ou a mans de quen se cometeu ese abuso. Neste sentido, todos os recursos do Goberno galego, nomeadamente o programa de intervención especializado a vítimas de abusos sexuais ou o conxunto de recursos do Sergas, van estar sempre a disposición de todas as vítimas de abusos sexuais.

Esta situación conta cun carácter prioritario para a Xunta de Galicia. En concreto, o Goberno galego participa na Campaña do Consello de Europa para a Prevención da violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes que pon en marcha iniciativas de concienciación e divulgación de material dixital sobre esta materia. Esta colaboración resulta especialmente importante porque abre os centros educativos ao tratamento desta situación, tentando así desmontar o tabú que en moitas ocasións aínda a rodea e incentivar así as denuncias.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así mesmo, o Goberno galego ofrece un tratamento integral desta situación promovendo a prevención, notificando os casos detectados e ofrecendo o apoio necesario ás vítimas. Neste sentido, Galicia conta desde o ano 2000 cun protocolo interadministrativo de actuacións en casos de abusos sexuais a menores. Un protocolo que permite traballar de forma coordinada coas forzas e corpos de seguridade, cos órganos xudiciais, coa fiscalía e co Valedor do Pobo.

Do mesmo xeito, tras a concienciación e a actuación coordinada, o Goberno galego ofrece tamén apoio a todas as vítimas. En concreto, a través dun programa especializado que ofrece tratamento terapéutico e trata de reparar, na medida do posible, o dano sufrido polas vítimas de abusos sexuais. Así, permite adquirir información, proporcionar recursos, proporcionar axuda psicolóxica e asesorar ás persoas que forman parte do círculo de referencia da vítima**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:59
Nº Rexistro: 48168
Data envio: 24/01/2023 12:44:59.598

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:56

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:52
Nº Rexistro: 48167
Data envio: 24/01/2023 12:44:52.332
Data 24/01/2023 12:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38069,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación e formación do persoal da escola infantil O Toxo, de Pontevedra"** (publicada no BOPG número 363 do 19 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a aplicar en todas as súas escolas infantís o Decreto 329/2005, unha normativa autonómica que garante o benestar e a correcta atención aos nenos e nenas matriculados nestas escolas. Proba disto é que este decreto non foi modificado polo Goberno do que formou parte ata 2009 o grupo parlamentario que formula esta pregunta.

En canto á situación concreta da Escola Infantil O Toxo de Pontevedra, en primeiro lugar cómpre lembrar que nesta escola estase a aplicar desde 2020 a gratuidade na atención educativa para os segundos irmáns e sucesivos, medida pioneira en Galicia impulsada pola Xunta de Galicia e que está a ser asumida integramente con fondos propios da Comunidade Autónoma.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste sentido, a partir do mes de setembro de 2022 esta gratuidade xa se aplica ao 100% do alumnado das escolas infantís da Comunidade Autónoma, o que sitúa a Galicia de novo na comunidade de referencia en España neste ámbito por ser a primeira que toma esta decisión.

E a escola infantil O Toxo tamén foi obxecto de melloras cun investimento de máis de 40.000 euros na renovación do xardín de xogos do centro.

Convén aclarar que o número de prazas totais da escola non se corresponde co número de nenos matriculados, xa que as escolas reservan un número de prazas en cada curso para situacións de emerxencia que requiren ingresos urxentes, e no caso dos nenos con necesidades educativas especiais, estes nenos ocupan dúas prazas.

Tamén é errónea a cuantificación do persoal que se formula na pregunta, dado que nesta escola infantil traballan de xeito ordinario oito educadoras e unha directora do centro, titulada en Mestra de Educación Infantil, ademais do persoal de servizos.

É falso que a Xunta de Galicia suprimise prazas de persoal educador, como se indica de xeito equivocado na pregunta. Durante a pandemia, a Xunta de Galicia realizou acumulacións de tarefas en varias escolas infantís para facilitar o mantemento dos grupos estables de convivencia do centro, tal como establecía o protocolo de actuación fronte á Covid-19. Pero obviamente a situación epidemiolóxica na actualidade é distinta á que había en setembro de 2020 -cando reabriron as escolas infantís logo do confinamento-, e ademais, conforme á normativa laboral do sector público, as acumulacións teñen unha duración limitada e non se poden manter de xeito indefinido no tempo.

Neste sentido, e contrariamente ao que se indica na pregunta, estas acumulacións de tarefas na rede de escolas infantís mantivéronse tamén durante a maior parte do curso 2021/22, sendo sufragadas integramente pola Xunta de

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:52
Nº Rexistro: 48167
Data envio: 24/01/2023 12:44:52.332

Galicia dada a incomprensible supresión do Fondo Covid por parte do Goberno central.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia seguimos a traballar na mellora de todos os recursos materiais e humanos necesarios, estudando minuciosamente as necesidades e prioridades de cada unha das escolas. Este traballo faise en colaboración estreita coas directoras das escolas e co obxectivo de seguir proporcionando un servizo de máxima calidade ás familias usuarias do centro, grazas por suposto ao excepcional traballo do persoal do centro**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:52
Nº Rexistro: 48167
Data envio: 24/01/2023 12:44:52.332

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:49

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:40
Nº Rexistro: 47958
Data envio: 23/01/2023 10:47:40.325
Data 23/01/2023 10:47

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 38075,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o atraso nos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna e as previsións respecto do informe sobre o proxecto de dragaxe do río Lérez"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa número de rexistro 36254, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:47:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:40
Nº Rexistro: 47958
Data envio: 23/01/2023 10:47:40.325

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:47:35

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:30
Nº Rexistro: 47957
Data envio: 23/01/2023 10:47:30.028
Data 23/01/2023 10:47

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38078,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para dirixir a autoridade xudicial ás entidades sociais para a realización dos informes sobre as medidas de apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, incorpora, no seu artigo 7, un novo artigo 42 bis b) na Lei 15/2015, do 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria.

O punto 2 deste novo artigo establece que "(...) A autoridade xudicial antes da comparecencia poderá solicitar informe da entidade pública que, no respectivo territorio, teña encomendada a función de promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade, ou dunha entidade do terceiro sector de acción social debidamente habilitada como colaboradora da Administración de Xustiza. A entidade informará sobre as eventuais alternativas de apoio e sobre as posibilidades de prestalo sen requirir a adopción de medida algunha pola autoridade xudicial (...)".

Como resultado do anterior, e dende o mes de outubro de 2021, na Consellería de Política Social e Xuventude véñense recibindo oficios de distintos xulgados solicitando a realización dun informe sobre as eventuais medidas de apoio a prestar á persoa que intervén no procedemento xudicial, así como as posibilidades de prestalo sen requirir a adopción de medida algunha pola autoridade xudicial.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175916
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:47:26

Deste xeito téñense recibido solicitudes de informe que se están a contestar polo persoal desta Consellería**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:30
Nº Rexistro: 47957
Data envio: 23/01/2023 10:47:30.028

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:47:26

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:21
Nº Rexistro: 47956
Data envio: 23/01/2023 10:47:21.122
Data 23/01/2023 10:47

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 38083,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para non ter adoptado medidas de carácter social para minorar os efectos da crise económica"**, (publicada no BOPG número 363, do 19 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"No ano 2023 os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

A Xunta destina á xente que necesita axuda o dobre que o que se destinaba nos orzamentos de 2009, que non chegaban aos 70 millóns de euros.

Estes fondos permiten reforzar o paquete de medidas do que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables con:

Beneficios fiscais para as familias con dous fillos —ao equiparalas coas numerosas— e para estas últimas, cuxas deducións do IRPF tamén se incrementarán;

O complemento autonómico do Bono Social Térmico, que no 2022 chegou a 66.400 familias, subirá un 50%, para acadar os 150 euros;

Tamén terán un aumento dun 8%...: A Risga, que cobran cada mes máis de 6.000 persoas para saír desta situación e as Axudas de Inclusión Social (AIS), que permiten atender a situacións de emerxencia.

Por outro lado, o Goberno galego é consciente de que moitos galegos precisan dun complemento nas súas pensións. Por iso, somos das poucas comunidades que mantivemos

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175919
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:47:16

de xeito ininterrompido durante os últimos anos o complemento ás pensións non contributivas, unha prestación voluntaria que as comunidades impulsan con este fin.

O Goberno galego destinará no 2023 unha partida de 8 millóns de euros o que suporá un incremento do 5,1% con respecto ao ano 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:21
Nº Rexistro: 47956
Data envio: 23/01/2023 10:47:21.122

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:47:16

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:44
Nº Rexistro: 48166
Data envio: 24/01/2023 12:44:44.676
Data 24/01/2023 12:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38110,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da construción dunha residencia pública no concello de Padrón"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais dotado de 18,5 millóns de euros e que foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), financiado con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O Concello de Padrón, ao igual que outros municipios galegos, ten solicitado acollerse a este Plan e presentou un proxecto de residencia solicitando a axuda económica que se establece nese plan. Nestes momentos, todas as propostas cursadas polos Concellos están en fase de estudo e valoración da documentación presentada e da súa viabilidade**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:44
Nº Rexistro: 48166
Data envio: 24/01/2023 12:44:44.676

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:41

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:11
Nº Rexistro: 47955
Data envio: 23/01/2023 10:47:11.184
Data 23/01/2023 10:47

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38115,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado en que se atopa a tramitación do Plan xeral de ordenación municipal de Noia"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 27819, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 374, do 5 de setembro de 2022, á que nos remitimos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:47:11
Nº Rexistro: 47955
Data envio: 23/01/2023 10:47:11.184

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:47:07

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:36
Nº Rexistro: 48165
Data envio: 24/01/2023 12:44:36.707
Data 24/01/2023 12:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38117,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa creación dun centro público de atención residencial en Boiro"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais dotado de 18,5 millóns de euros e que foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), financiado con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

O Concello de Boiro, ao igual que outros municipios galegos, ten solicitado acollerse a este Plan e presentou un proxecto de residencia solicitando a axuda económica que se establece nese plan. Nestes momentos, todas as propostas cursadas polos Concellos están en fase de estudo e valoración da documentación presentada e da súa viabilidade**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:44:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:36
Nº Rexistro: 48165
Data envio: 24/01/2023 12:44:36.707

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:33

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:29
Nº Rexistro: 48164
Data envio: 24/01/2023 12:44:29.113
Data 24/01/2023 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 38128,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta de Galicia, respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución"**, (publicada no BOPG número 365, do 23 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta, celebrado o pasado 4 de agosto, aprobou o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a folla de ruta do Goberno galego para combater esta lacra que contén 6 principios reitores, 5 áreas estratéxicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas que se desenvolverán grazas a un investimento de máis de 7 millóns de euros. Trátase dun documento estratéxico froito dun proceso de elaboración participativo, xa que se deseñou en colaboración coas organizacións especializadas neste ámbito e que se agrupan na Rede Galega contra a Trata Sexual. De feito, o 61% das 59 medidas baséanse en propostas das entidades de dita Rede.

O Plan pon o foco no fortalecemento dos recursos de atención integral ás vítimas que se xestionarán en colaboración coas entidades especializadas, un eido ao que se reserva a maior parte do orzamento. O Goberno galego busca, co primeiro instrumento nesta materia con dotación orzamentaria, articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata e contribuír á súa erradicación, xa que unha sociedade xusta e democrática non pode tolerar a persistencia da violencia sexual e das situacións de explotación, que afectan principalmente a mulleres e nenas, afondando nas súas raíces e nas desigualdades. Así, este

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175928
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:44:26

Plan persegue contribuír a un cambio cultural a favor da plena igualdade entre mulleres e homes.

O documento constitúe, así, a folla de ruta da Administración autonómica galega para loitar contra a trata sexual e a prostitución, reforzando os mecanismos para a súa prevención e para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes.

A nova ferramenta presenta seis principios reitores: as vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos e protagonistas do plan; perspectiva de xénero; interseccionalidade; intervención integral e coordinada; primacía do interese superior da persoa menor de idade; e aliñamento cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030.

Así mesmo, contén cinco áreas estratéxicas: para a prevención, educación e sensiblización social; o reforzo dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas; fortalecemento dos recursos de atención integral; investigación e mellora do coñecemento para a intervención; e mellora da coordinación interinstitucional. E entre as principais medidas atópanse o fortalecemento á saúde mental das vítimas de trata a través de programas sociosanitarios innovadores que contribúan á reparación do dano e ao seu benestar psicosocial; o apoio ás persoas menores de idade no proceso de reunificación familiar; o reforzo das políticas activas de emprego a través de incentivos á contratación, apoios á economía social e o fomento do autoemprego como opcións para a mellora da inserción laboral; e o incremento das inspeccións laborais e administrativas relacionadas coa licenza de actividade dos establecementos de exercicio de prostitución.

O Plan tamén inclúe medidas de prevención e sensibilización dirixidas ás administracións locais; accións encamiñadas á eliminación da publicidade relacionada coa prostitución e co comercio sexual; actuacións dirixidas á adolescencia e á mocidade desde un enfoque que teña en conta as novas formas de consumo de explotación sexual; e o desenvolvemento de programas para facilitar que as mulleres tomen conciencia e se autoidentifiquen como vítimas de trata, apoiándoas na interposición de denuncias e acompañándoas durante o correspondente proceso xudicial. Tamén resaltan medidas de formación e elaboración de materiais para profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde para mellorar a detección e identificación de posibles vítimas de trata; e dirixidas aos profesionais das quendas de oficio de violencia de xénero para garantir a especialización na asistencia xurídica e defensa no xuízo das vítimas.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:29
Nº Rexistro: 48164
Data envio: 24/01/2023 12:44:29.113

O documento desenvolveuse seguindo os mandatos lexislativos da *Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, que no seu artigo 3 letra f) define a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. De feito, Galicia foi pioneira na elaboración dun instrumento específico de actuación neste ámbito, o Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata, aprobado en 2010 en colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia e renovado en 2012.

O compromiso do Goberno galego na loita contra esta lacra refórzase agora coa posta en marcha deste Plan no que se enmarcan, en definitiva, accións que contribúen á sensibilización contra o consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual, favorecen a mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas e consolidación dos recursos de atención integral ás vítimas. O que se pretende é asentar un sistema de atención integral para garantir ás vítimas unha vida digna e libre de violencia, garantíndolles unha axeitada resposta ás súas necesidades.

Por último, cómpre sinalar que o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero na súa medida 257 recolle que o Ministerio do Interior e a Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero deben 'Impulsar a aprobación dunha lei orgánica 1/2004 de loita integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que estableza mecanismos adecuados para a prevención, reforce a persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e poña en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das vítimas'. E coa posta en marcha do I Plan, Galicia está a vangarda, non obstante é preciso definir un marco normativo de ámbito estatal que ampare a estas mulleres."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:29
Nº Rexistro: 48164
Data envio: 24/01/2023 12:44:29.113

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:26

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:22
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 24/01/2023 12:44:22.019
Data 24/01/2023 12:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38130,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado en que se atopan os traballos de elaboración do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Avanzar no benestar das familias, sexa cal sexa a súa composición, é un dos principais obxectivos do Goberno galego. Por iso, neste ámbito estamos a facer un esforzo adicional por ser pioneiros:

- Fomos pioneiros en implantar a gratuidade nas escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos. E desde este curso Galicia volve a ser pioneira en implantar a gratuidade en todas as escolas infantís para todos os fillos.

- Fomos pioneiros na implantación das Casas Niño, un recurso de conciliación 100% gratuíto para as familias do rural galego.

- E tamén fomos pioneiros en aprobar a Lei de Impulso Demográfico, a primeira a nivel nacional.

Esta Lei revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á nova realidade social actual. Así enténdese como toda familia na que un só proxenitor exerce en

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exclusiva a custodia dos seus fillos, con independencia de que reciba ou non algún tipo de compensación económica do outro proxenitor polo seu sustento.

Este cambio permitiu triplicar en tan só un ano o número de certificados expedidos de familia monoparental, pasando dos 558 no ano 2020 aos preto de 1.500 no 2021.

E este ano superaremos estas cifras, xa que só no primeiro semestre do 2022 levamos preto de 1.300 certificados emitidos.

Ademais, esta Lei inclúe a creación dun Rexistro de Familias Monoparentais Galegas. Para dar cumprimento a esta medida, o Goberno galego traballa na elaboración dun decreto que regulará a condición de familia monoparental.

Así, a Xunta de Galicia xa realizou en 2021 un proceso de consulta pública previa para a aprobación deste decreto. O obxectivo é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, para que sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e de toda a sociedade galega.

Sen embargo, para poder avanzar na aprobación do decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental é necesario que o Goberno central avance na elaboración da Ley de Diversidad Sexual que vai a regular as familias monoparentais a nivel estatal.

Esta norma terá un rango superior, polo que é preciso que se aprobe previamente ao texto autonómico para que este poda adaptarse ao estatal.

Despois de varios anuncios e dun ano de atraso, o Goberno central ten remitido ás comunidades autónomas o primeiro anteproxecto de Lei de Familias, e tal como prevía a Xunta, esta regulación afecta directamente á normativa autonómica no eido das familias monoparentais, polo que se ratifica que a Xunta actuou de xeito prudente suspendendo por seguridade xurídica a tramitación do decreto autonómico ata coñecer en que situación quedará a normativa estatal.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:22
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 24/01/2023 12:44:22.019

Precisamente, a Xunta de Galicia ten presentado alegacións a este anteproxecto, que foi realizado ignorando totalmente ás comunidades autónomas, co fin de protexer ao máximo posible ás familias monoparentais galegas que contan cun certificado oficial de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:22
Nº Rexistro: 48163
Data envio: 24/01/2023 12:44:22.019

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:18

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:13
Nº Rexistro: 48162
Data envio: 24/01/2023 12:44:13.613
Data 24/01/2023 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 38132,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega 2021"**, (publicada no BOPG número 365, do 23 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O programa Emega da Xunta de Galicia ten como finalidade promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres mediante o apoio económico ao emprendemento feminino e a través da consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

Por esa razón, desde o Goberno galego considerouse necesario homenaxear a todas as emprendedoras, así como analizar as experiencias de tantas mulleres que o longo destes anos recibiron unha subvención Emega para o fomento do emprendemento feminino o 19 de novembro de 2021, xa que un cuarto de século é unha cifra significativa que reflicte a consistencia das accións do Goberno galego neste eido. O éxito, a continuidade e o fortalecemento deste programa no tempo, demostran que é un dos piares irrenunciables sobre os que se asenta a actuación da Xunta na procura da igualdade de oportunidades entre as galegas e galegos.

O programa Emega erixiuse como punta de lanza da promoción da igualdade no eido laboral, e o apoio do Goberno galego a estas iniciativas susténtase en que sempre confiou

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175936
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:44:11

no liderado, talento, capacidade resolutiva das mulleres para saír adiante e procurar oportunidades como se ten demostrado ao longo da historia, e recentemente nos tempos máis duros da pandemia.

Cómpre ademais lembrar que en 2021, para apoiar o emprendemento feminino, a Xunta incrementou nun 54% o orzamento do programa Emega ata chegar aos 3,2 millóns de euros. Só nos últimos doce anos (2009-2021), a Xunta investiu neste programa máis de 14 millóns de euros para apoiar 1.134 iniciativas empresariais femininas, permitindo consolidar 2.113 postos de traballo femininos.

No ano 2022 a dotación orzamentaria desta iniciativa, alcanzou os 4,2 millóns de euros.

Así pois o Goberno Galego está a contribuír coas súas políticas públicas a afianzar o emprendemento feminino, xa que conta cunha taxa de emprendemento feminino do 6,8% fronte ao 3,7% masculino, o que sitúa a Galicia á cabeza do resto das comunidades, só superada por Cataluña, ademais, Galicia é a comunidade autónoma con maior peso do emprego autónomo feminino a nivel estatal.

A celebración do 25 aniversario do Emega avala con firmeza a importancia de contar con liderado feminino para facer fronte aos importantes retos na nova etapa post-pandemia de recuperación económica."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:13
Nº Rexistro: 48162
Data envio: 24/01/2023 12:44:13.613

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:11

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:05
Nº Rexistro: 48161
Data envio: 24/01/2023 12:44:05.254
Data 24/01/2023 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 38137,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as accións da Xunta de Galicia en relación co cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación e as previsións respecto da presentación da avaliación do II Programa Muller e Ciencia"**, (publicada no BOPG número 365, do 23 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 9 de xuño o Consello da Xunta deu luz verde ao III Programa Muller e Ciencia que promove a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Este instrumento conta cun orzamento de 44,7 millóns de euros, ten 20 obxectivos específicos e 50 medidas para avanzar na incorporación das mulleres, en condicións de igualdade, ao ámbito científico e tecnolóxico. Todas elas artéllanse en torno a 4 eixes prioritarios.

O primeiro dos eixes busca dar visibilidade ás traballadoras nestes sectores, na idea de sensibilizar á sociedade, de impulsar o coñecemento de referentes femininas e de formar o persoal docente para animar ás nenas na súa vocación.

O segundo eixe pon o foco na igualdade no acceso e promoción das mulleres no ámbito da ciencia. Prevé actuacións de apoio ás vocacións no bacharelato e un sistema de monitoreo nas etapas iniciais da carreira investigadora coa axuda de asociacións de científicas e investigadoras. Tamén contribuirá ao impulso da Lei Ánxeles Alvariño e ao establecemento de criterios de discriminación positiva: na avaliación do desempeño do persoal investigador,

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175939
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:44:02

dos proxectos, no liderado por parte de mulleres dos equipos e o reforzo das investigadoras principais, así como o impulso ao doutoramento feminino industrial.

O terceiro eixe diríxese ao traballo con institucións públicas e privadas, con medidas específicas como acordos para que conten con plans de igualdade, medidas antiacoso, promovan axudas específicas para o coidado de menores e dependentes ou mesmo se reforcen as iniciativas emprendedoras de mulleres en proxectos tecnolóxicos e científicos, en especial no medio rural.

O cuarto céntrase na vixilancia da situación das mulleres no eido da ciencia, mediante a avaliación periódica do grao de cumprimento do programa e dos seus indicadores.

Para o deseño do III Programa Muller e Ciencia, a Xunta abriu un proceso participativo, que contou coas contribucións chegadas dos diferentes departamentos do Goberno galego, de asociacións de mulleres científicas e de representación das empresas e centros de ámbito tecnolóxico."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:44:05
Nº Rexistro: 48161
Data envio: 24/01/2023 12:44:05.254

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:44:02

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:01:44
Nº Rexistro: 48249
Data envio: 25/01/2023 11:01:44.347
Data 25/01/2023 11:01

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38146,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do atraso na publicación do decreto que creará o rexistro de familias monomarentais e monoparentais"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Avanzar no benestar das familias, sexa cal sexa a súa composición, é un dos principais obxectivos do Goberno galego. Por iso, neste ámbito estamos a facer un esforzo adicional por ser pioneiros:

- Fomos pioneiros en implantar a gratuidade nas escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos. E desde este curso Galicia volve a ser pioneira en implantar a gratuidade en todas as escolas infantís para todos os fillos.

- Fomos pioneiros na implantación das Casas Niño, un recurso de conciliación 100% gratuíto para as familias do rural galego.

- E tamén fomos pioneiros en aprobar a Lei de Impulso Demográfico, a primeira a nivel nacional.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta Lei revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á nova realidade social actual. Así enténdese como toda familia na que un só proxenitor exerce en exclusiva a custodia dos seus fillos, con independencia de que reciba ou non algún tipo de compensación económica do outro proxenitor polo seu sustento.

Este cambio permitiu triplicar en tan só un ano o número de certificados expedidos de familia monoparental, pasando dos 558 no ano 2020 aos preto de 1.500 no 2021.

E este ano superaremos estas cifras, xa que só no primeiro semestre do 2022 levamos preto de 1.300 certificados emitidos.

Ademais, esta Lei inclúe a creación dun Rexistro de Familias Monoparentais Galegas. Para dar cumprimento a esta medida, o Goberno galego traballa na elaboración dun decreto que regulará a condición de familia monoparental.

Así, a Xunta de Galicia xa realizou en 2021 un proceso de consulta pública previa para a aprobación deste decreto. O obxectivo é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, para que sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e de toda a sociedade galega.

Sen embargo, para poder avanzar na aprobación do decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental é necesario que o Goberno central avance na elaboración da Ley de Diversidad Sexual que vai a regular as familias monoparentais a nivel estatal.

Esta norma terá un rango superior, polo que é preciso que se aprobe previamente ao texto autonómico para que este poda adaptarse ao estatal.

Despois de varios anuncios e dun ano de atraso, o Goberno central ten remitido ás comunidades autónomas o primeiro anteproxecto de Lei de Familias, e tal como prevía a Xunta, esta regulación afecta directamente á normativa autonómica no eido das familias monoparentais, polo que se ratifica que a Xunta actuou de xeito

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:01:44
Nº Rexistro: 48249
Data envio: 25/01/2023 11:01:44.347

prudente suspendendo por seguridade xurídica a tramitación do decreto autonómico ata coñecer en que situación quedará a normativa estatal.

Precisamente, a Xunta de Galicia ten presentado alegacións a este anteproxecto, que foi realizado ignorando totalmente ás comunidades autónomas, co fin de protexer ao máximo posible ás familias monoparentais galegas que contan cun certificado oficial de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:01:44
Nº Rexistro: 48249
Data envio: 25/01/2023 11:01:44.347

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 11:01:20

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:01:15
Nº Rexistro: 48248
Data envio: 25/01/2023 11:01:15.769
Data 25/01/2023 11:00

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 38160,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego do investimento da partida orzamentaria en políticas dirixidas á muller"**, (publicada no BOPG número 365, do 23 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O orzamento inicial da Secretaría Xeral da Igualdade no ano 2021 ascendía a 30.244.395 euros. Este importe incrementouse ao longo do exercicio en 15,7 millóns de euros debido a incorporacións e xeracións de crédito, ata acadar os 46.008.073,44 euros de orzamento vixente ao final do exercicio.

Deste importe, o crédito executable ascendía a 39.825.088,66 euros, xa que a diferencia corresponde con fondos europeos (REACT) que se reprogramaron para o ano 2022.

O importe dos compromisos adquiridos a 31 de decembro era de 28.319.927,12 euros, polo que a execución sería dun 71,11%.

Sen embargo, tamén é necesario ter en conta que a finais de ano fíxose unha xeración de crédito por importe de 10.542.273,79 euros de fondos finalistas do Plan Corresponsables, que non era xa posible executar no exercicio 2021, dado que resultaba materialmente imposible tramitar e xestionar calquera tipo de actuación que se pretendese levar a cabo.

Eses fondos incorporáronse ao exercicio 2022.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175946
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/01/2023 11:00:50

Polo tanto, descontando ese importe dos fondos do Plan Corresponsables do crédito executable, a porcentaxe de execución da Secretaría Xeral da Igualdade sería dun 96,71%.

Por último, sinálase que outros centros directivos da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade están a desenvolver medidas para as mulleres, como é, por exemplo, o caso da Dirección Xeral de Relacións Laborais que dispón dun crédito reservado para a promoción da igualdade laboral.

Ademais, hai que ter en conta que a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero responden ao principio de transversalidade, implicando a toda a Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:01:15
Nº Rexistro: 48248
Data envio: 25/01/2023 11:01:15.769

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 11:00:50

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:00:43
Nº Rexistro: 48247
Data envio: 25/01/2023 11:00:43.488
Data 25/01/2023 11:00

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38164,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Avanzar no benestar das familias, sexa cal sexa a súa composición, é un dos principais obxectivos do Goberno galego. Por iso, neste ámbito estamos a facer un esforzo adicional por ser pioneiros:

- Fomos pioneiros en implantar a gratuidade nas escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos. E desde este curso Galicia volve a ser pioneira en implantar a gratuidade en todas as escolas infantís para todos os fillos.

- Fomos pioneiros na implantación das Casas Niño, un recurso de conciliación 100% gratuíto para as familias do rural galego.

- E tamén fomos pioneiros en aprobar a Lei de Impulso Demográfico, a primeira a nivel nacional.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/01/2023 11:00:21

Esta Lei revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á nova realidade social actual. Así enténdese como toda familia na que un só proxenitor exerce en exclusiva a custodia dos seus fillos, con independencia de que reciba ou non algún tipo de compensación económica do outro proxenitor polo seu sustento.

Este cambio permitiu triplicar en tan só un ano o número de certificados expedidos de familia monoparental, pasando dos 558 no ano 2020 aos preto de 1.500 no 2021.

E este ano superaremos estas cifras, xa que só no primeiro semestre do 2022 levamos preto de 1.300 certificados emitidos.

Ademais, esta Lei inclúe a creación dun Rexistro de Familias Monoparentais Galegas. Para dar cumprimento a esta medida, o Goberno galego traballa na elaboración dun decreto que regulará a condición de familia monoparental.

Así, a Xunta de Galicia xa realizou en 2021 un proceso de consulta pública previa para a aprobación deste decreto. O obxectivo é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, para que sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e de toda a sociedade galega.

Sen embargo, para poder avanzar na aprobación do decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental é necesario que o Goberno central avance na elaboración da Ley de Diversidad Sexual que vai a regular as familias monoparentais a nivel estatal.

Esta norma terá un rango superior, polo que é preciso que se aprobe previamente ao texto autonómico para que este poda adaptarse ao estatal.

Despois de varios anuncios e dun ano de atraso, o Goberno central ten remitido ás comunidades autónomas o primeiro anteproxecto de Lei de Familias, e tal como prevía a Xunta, esta regulación afecta directamente á normativa autonómica no eido das familias monoparentais, polo que se ratifica que a Xunta actuou de xeito

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:00:43
Nº Rexistro: 48247
Data envio: 25/01/2023 11:00:43.488

prudente suspendendo por seguridade xurídica a tramitación do decreto autonómico ata coñecer en que situación quedará a normativa estatal.

Precisamente, a Xunta de Galicia ten presentado alegacións a este anteproxecto, que foi realizado ignorando totalmente ás comunidades autónomas, co fin de protexer ao máximo posible ás familias monoparentais galegas que contan cun certificado oficial de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:00:43
Nº Rexistro: 48247
Data envio: 25/01/2023 11:00:43.488

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 11:00:21

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:00:16
Nº Rexistro: 48246
Data envio: 25/01/2023 11:00:16.988
Data 25/01/2023 10:59

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38175,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de casas do maior abertas nos anos 2021 e 2022 na comarca de Arzúa e as previsións de apertura dun centro de día no concello de Touro"** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é consciente de que os centros de día e as casas do maior representan un servizo esencial para as persoas que reciben os seus coidados e para as súas familias, que precisan un recurso de conciliación.

Neste senso, para dar resposta ás necesidades de atención diúrna da poboación galega, Galicia multiplicou por catro o número de prazas públicas existentes dende o ano 2009. Ás anteditas prazas públicas de atención diúrna, hai que engadir as prazas que tamén contan con financiamento da Xunta de Galicia a través das libranzas de atención diúrna que se conceden directamente ás persoas dependentes.

No que atinxe ás previsións sobre a apertura dun centro de día para persoas maiores en Touro, cómpre indicar que a Xunta de Galicia ten en marcha un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais dotado de 18,5 millóns de euros e que foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) financiado con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/01/2023 10:59:52

Resiliencia (MRR). O Concello de Touro, ao igual que outros municipios galegos, ten solicitado acollerse a este Plan e presentou un proxecto de residencia solicitando a axuda económica que se establece nese plan. Nestes momentos, todas as propostas cursadas polos Concellos están en fase de estudo e valoración da documentación presentada e da súa viabilidade.

Por outro lado, a Xunta de Galicia reforza o seu compromiso coa atención ás persoas maiores e co medio rural, un rural no que tamén se erixen recursos susceptibles de seren valorizados. A posta en marcha dunha casa do maior en calquera concello galego vincúlase á presentación en tempo e forma dunha solicitude, tendo en conta que a posta en marcha deste servizo articúlase a través dunha orde de convocatoria de axudas publicada no Diario Oficial de Galicia con suxeición ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Neste senso, non se recibiu ningunha solicitude para a posta en marcha deste recurso de atención diúrna no concello de Touro**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 11:00:16
Nº Rexistro: 48246
Data envio: 25/01/2023 11:00:16.988

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 10:59:52

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 10:59:47
Nº Rexistro: 48244
Data envio: 25/01/2023 10:59:47.066
Data 25/01/2023 10:59

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 38238,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social"**, (publicada no BOPG número 366, do 24 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego acordou as sucesivas estratexias en materia de seguridade e saúde no traballo no seo do diálogo social en Galicia creando grupos de traballo para o deseño das estratexias e co asesoramento e participación das organizacións sindicais e empresariais que teñen presenza no Consello de Seguridade e Saúde Laboral. Polo tanto, todas as estratexias postas en marcha acadaron o consenso das organizacións representadas nas mesas do diálogo social do Goberno galego.

Neste momento, Galicia, xunto con Cantabria, representa ao resto das Comunidades Autónomas na negociación da futura estratexia española cos axentes sociais a nivel nacional e no que teñen presenza outros organismos con competencias na materia de seguridade e saúde no traballo. Así, cando se acorde a estratexia nacional, que estará informada polo recente marco estratéxico europeo, estableceranse os contactos cos axentes sociais galegos para a redacción da nova estratexia galega, que enmarque as necesidades concretas e os obxectivos a alcanzar en Galicia.

Paralelamente a este deseño e execución compartida coas organizacións sindicais e empresariais galegas nas estratexias, estase a aprobar cada ano o plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), no que se detallan as actividades e programas a desenvolver anualmente. O plan de actuación para o 2023, ao igual que o de anos

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175956
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/01/2023 10:59:22

anteriores, conta co consenso unánime de todas as organizacións con presenza activa e cualificada no Consello Reitor do Instituto.

Así mesmo, cómpre destacar, como actuación concreta e participada, que desde 2020 configúrase un grupo de traballo para a análise da sinistralidade laboral en Galicia na procura, desde unha visión técnico-científica, de obter información relevante para poder actuar sobre os riscos e as actividades de maior sinistralidade e propor liñas de traballo concretas. Neste grupo de traballo, ademais da autoridade laboral galega e o seu órgano técnico na materia, están representadas as organizacións sindicais e empresariais en Galicia. Este grupo ten como misión a análise das últimas tendencias da sinistralidade e a proposta de campañas e actuacións para a súa redución. Froito desa análise, puxéronse en marcha polo Issga campañas nas actividades de maior accidentabilidade, atendendo aos riscos máis recorrentes en cada sector, e sobre novas formas de traballo, por exemplo, no sector forestal, na construción ou no teletraballo.

Ademais sinálase a liña de axudas para a promoción da prevención de riscos laborais que todos os anos se dirixe a entidades e axentes sociais e destacar o traballo de control e inspección que corresponde á ITSS.

Por todo o anterior, non só se está a abordar a problemática da sinistralidade laboral e a mellora da xestión da prevención polo Goberno Galego no marco do diálogo social, senón que está a desenvolver un traballo de continua colaboración co tecido empresarial galego e as entidades que o representen cara unha meta común que precisa da concorrencia de todos os axentes implicados no mundo do traballo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 10:59:47
Nº Rexistro: 48244
Data envio: 25/01/2023 10:59:47.066

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 10:59:22

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 10:59:18
Nº Rexistro: 48243
Data envio: 25/01/2023 10:59:18.488
Data 25/01/2023 10:59

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38275,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia"** (publicada no BOPG número 366 do 24 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia recoñece e garante, na Comunidade Autónoma de Galicia, a toda persoa que como consecuencia da súa discapacidade deba ser acompañada dun can de asistencia o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada.

A disposición derradeira primeira da Lei 10/2003 faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver esta lei.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación desta norma, nestes momentos é evidente a necesidade de desenvolver o citado marco regulamentario para que este se adapte á realidade actual e que ampare o dereito das persoas con

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia a acceder á contorna e, polo tanto, a unha participación social accesible e efectiva.

Á súa vez, é tamén importante recoñecer o papel relevante destes animais na sociedade e a obriga que teñen tanto os seus adestradores e adestradoras como as súas persoas propietarias e usuarias, de prestarlles os coidados precisos para o seu benestar e para que poidan adquirir a madurez física e emocional adecuadas para prestar un servizo de calidade indispensable ás persoas con discapacidade en Galicia.

Así pois, co obxecto de clarificar, simplificar e desenvolver o citado réxime xurídico de aplicación ao acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia en Galicia, a regulación do recoñecemento, a perda e a suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e as condicións da especialización das persoas adestradoras de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación, a Consellería de Política Social e Xuventude iniciou o pasado ano a tramitación do anteproxecto de decreto polo que aproba o regulamento da lei 10/2003, 26 de decembro, regulador dos cans de asistencia para persoas con discapacidade.

Por outra banda con carácter previo á aprobación do anteproxecto, e co fin de ter unha norma da máxima calidade, a través da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, realizouse unha modificación da devandita lei 10/2003.

Asemade, e de acordo co establecido na Lei galega 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, antes da aprobación deste anteproxecto de decreto, iniciarase unha consulta pública a través do portal de

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Transparencia e Bo Goberno co obxecto de recoller a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas por esta norma.

Logo da aprobación desta norma, desenvolveranse campañas informativas e de sensibilización nos distintos ámbitos da nosa sociedade co fin de dala a coñecer e fomentar a sensibilización social neste eido**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 10:59:18
Nº Rexistro: 48243
Data envio: 25/01/2023 10:59:18.488

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2023 10:59:03

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:47
Nº Rexistro: 47952
Data envio: 23/01/2023 10:46:47.028
Data 23/01/2023 10:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38409,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a corrección da deturpación do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega"** (publicada no BOPG número 366 do 24 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"De acordo co artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente. Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

A Xunta de Galicia, no ámbito da súa competencia, está a desenvolver as actuacións oportunas para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de sinalización e toponimia e, deste xeito, a presenza do idioma galego nas estradas.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así, no que respecta ás estradas integradas na rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA) a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), a través dos seus servizos provinciais e dentro do seu labor de conservación das estradas e do mantemento adecuado da sinalización, realiza correccións puntuais nos topónimos existentes nos carteis, a medida que se van detectando os posibles erros ou cando llos comunica calquera persoa. Ademais, cada vez que se cambia un cartel aprovéitase para comprobar a súa correcta rotulación.

No referente ás estradas de titularidade estatal, a AXI, de ter constancia dalgún erro, pono en coñecemento da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, coa fin de que se realicen as correccións necesarias para cumprir coa normativa vixente**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:47
Nº Rexistro: 47952
Data envio: 23/01/2023 10:46:47.028

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:46:43

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:43:08
Nº Rexistro: 48154
Data envio: 24/01/2023 12:43:08.223
Data 24/01/2023 12:43

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38449,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Gonzalo Caballero Miguez, sobre **"os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos e a valoración do Goberno galego sobre os obxectivos acadado"** (publicada no BOPG número 369 do 29 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"As actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia nos últimos anos son, na súa meirande parte, financiadas con fondos europeos. A este respecto, sinalar que os distintos programas operativos europeos xa indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar, establecendo criterios e procedementos de selección de actuacións.

Cómpre lembrar que o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia, co seu obxecto, contía e data de

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sinatura, envíanse, nos prazos e conforme á tramitación correspondente, para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e no Portal de Transparencia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:43:08
Nº Rexistro: 48154
Data envio: 24/01/2023 12:43:08.223

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:43:04

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:39
Nº Rexistro: 47951
Data envio: 23/01/2023 10:46:39.465
Data 23/01/2023 10:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38450,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos galegos nos últimos anos e os criterios empregados para establecelos nos anos 2020 e 2021"** (publicada no BOPG número 369 do 29 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfire á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, nas que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:46:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:39
Nº Rexistro: 47951
Data envio: 23/01/2023 10:46:39.465

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:46:35

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:42:59
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 24/01/2023 12:42:59.644
Data 24/01/2023 12:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 38466,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución das partidas orzamentarias destinadas á promoción do emprego e ás institucións do mercado de traballo"**, (publicada no BOPG número 369, do 29 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O orzamento inicial da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social no ano 2021 ascendía a 184.566.590€, cantidade que se incrementou ao longo do exercicio ata os 459.939.423,29€ de crédito vixente, o que implicou xestionar de forma áxil e eficaz máis de 2,4 veces o crédito inicialmente previsto, motivado, sobre todo, polos fondos que se destinaron ás axudas dos diferentes Plans Rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e outras actividades especialmente afectadas pola covid-19.

Aínda así, o importe dos compromisos de gasto a 31 de decembro ascendía a 383.694.123,11€, o que supón unha execución do 83,42%.

Hai que ter en conta que a maior parte do crédito pendente de execución corresponde precisamente coas axudas do III e IV Plan Rescate, financiadas cos fondos finalistas que se asignaron á Comunidade Autónoma de Galicia a través da *Orde HAC/283/2021, do 25 de marzo*, debido a que, polos criterios e esixencias que o *Real Decreto-Lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19*, impoñía ás persoas traballadoras autónomas e empresas para poder acceder

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175971
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/01/2023 12:42:56

ás axudas, o número de solicitudes recibidas foi considerablemente inferior respecto dos Plans de Rescate financiados con fondos da Comunidade Autónoma.

E iso a pesar das modificacións que se fixeron desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para ampliar o prazo das convocatorias e para aumentar a tipoloxía de actividades (CNAE), coa finalidade de permitir así o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e tamén para conseguir unha maior axilidade na xestión.

Polo tanto, de non ter en conta estes fondos finalistas non executados por circunstancias alleas á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, xa que a motivación deriva da excesiva rixidez imposta polo Real Decreto-Lei 5/2021, a execución da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, sería do 97,37% e concretamente a do programa 322C do 97,86%."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:42:59
Nº Rexistro: 48153
Data envio: 24/01/2023 12:42:59.644

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:42:56

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:42:51
Nº Rexistro: 48152
Data envio: 24/01/2023 12:42:51.723
Data 24/01/2023 12:42

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38473,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións da Xunta de Galicia en relación coas infraestruturas ou coas melloras de infraestruturas precisas para a mellora da xestión do ciclo da auga"** (publicada no BOPG número 369 do 29 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"As infraestruturas promovidas polo Goberno galego encamiñadas a mellorar a xestión do ciclo da auga están previstas na planificación hidrolóxica e nos programas operativos de Augas de Galicia. A maior partes destas actuacións están recollidas nos convenios de colaboración asinados cos concellos correspondentes.

En cumprimento da normativa vixente, a Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno, os convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia, co seu obxecto, contía e data de sinatura, envíanse, nos prazos e conforme á tramitación correspondente, para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e no Portal de Transparencia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2023 12:42:51
Nº Rexistro: 48152
Data envio: 24/01/2023 12:42:51.723

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2023 12:42:48

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:22
Nº Rexistro: 47949
Data envio: 23/01/2023 10:46:22.231
Data 23/01/2023 10:46

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 38487,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura da Xunta de Galicia respecto da consideración dos secadoiros artesanais de congro como patrimonio cultural e inmaterial"**, (publicada no BOPG número 369, do 29 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi sustanciado na resposta dada á iniciativa número de rexistro 31339, presentada polo mesmo grupo parlamentario, que foi convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175976
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:46:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:22
Nº Rexistro: 47949
Data envio: 23/01/2023 10:46:22.231

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:46:18

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:04
Nº Rexistro: 47947
Data envio: 23/01/2023 10:46:04.528
Data 23/01/2023 10:46

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38549,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación das comunidades de traídas de auga en Galicia no rural e, nomeadamente, da concesión da Comunidade de Augas de Naia, Sabaxáns e Cortellas, en Vigo"** (publicada no BOPG número 369 do 29 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 36148, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 373, do 2 de setembro de 2022, á que nos remitimos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:46:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:46:04
Nº Rexistro: 47947
Data envio: 23/01/2023 10:46:04.528

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:46:01

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:43:24
Nº Rexistro: 47930
Data envio: 23/01/2023 10:43:24.247
Data 23/01/2023 10:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 39195,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as principais conclusións que se extraen do Estudo do impacto socioeconómico das propostas de limitación das artes de fondo da pesca costeira artesanal de Galicia"**, (publicada no BOPG número 370, do 30 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"O estudo do impacto socioeconómico das propostas de limitación das artes de fondo da pesca costeira artesanal de Galicia, foi entregado no mes de abril de 2022, por unha delegación da Consellería do Mar, a representantes da Dirección Xeral de Medio Ambiente (DG ENVI) e da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca (DG MARE) da Comisión Europea, cuantifica o impacto que tería limitar a pesca de fondo na frota artesanal da comunidade.

O documento constata que as restricións para artes que teñen contacto co fondo ameazan máis do 20% dos buques de artes menores de Galicia e un terzo do emprego directo desta frota.

A análise realizada polo Executivo galego cifra en preto de 900 as unidades de artes menores -miños, trasmallos, vetas, rastros de vieira, bou de vara ou bou de man, entre outras- potencialmente afectadas dun total de 3.800 embarcacións artesanais. Tendo en conta que cada barco conta cunha media de 2,4 tripulantes, as posibles limitacións da actividade prexudicaría a máis de 2.100 profesionais.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175980
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:43:19

As limitacións á pesca de fondo teñen un potencial impacto na economía galega de preto de 280 millóns de euros, contando unicamente a actividade vencellada coas artes menores.

Desa cifra, arredor de 120 millóns de euros correspóndense coas vendas dos seus produtos en lonxa -con especial relevancia dos trasmallos (case 40 millóns), miños (34 millóns) e vetas (máis de 20 millóns)- que superaron as 21.500 toneladas de produtos do mar postas no mercado. Novamente volven predominar os trasmallos, con 5.800 toneladas, os miños, con máis de 5.700, e as vetas, con algo máis de 4.000 toneladas.

A repercusión das restricións ás artes que tocan o fondo mariño terían ademais unha incidencia potencial nos salarios da tripulación de 44 millóns de euros, o que suporía un recorte medio de salario por tripulante de preto de 21.000 euros na frota costeira artesanal.

A eles habería que sumar tamén o impacto indirecto dos bens e servizos provistos aos barcos, que roldaría os 55 millóns de euros, contando actividades como a provisión de combustible, xeo, víveres, servizos de reparación ou administrativos, entre outros.

Coa presentación deste informe Galicia avanza nas xestións para contrarrestar os plans da Comisión Europea e doutras institucións comunitarias para impoñer limitacións e restricións á pesca con artes de fondo en augas europeas. O obxectivo é que autoridades competentes sexan conscientes do impacto que as medidas propostas ao abeiro da Estratexia de Biodiversidade para 2030 poden ter, desde o punto de vista socioeconómico, na frota de artes menores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:43:24
Nº Rexistro: 47930
Data envio: 23/01/2023 10:43:24.247

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:43:19

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:57
Nº Rexistro: 47927
Data envio: 23/01/2023 10:42:57.012
Data 23/01/2023 10:42

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 39276,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación na que se atopa o proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada Nacional 120 e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa súa execución"** (publicada no BOPG número 370 do 30 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O proxecto de construción da conexión do Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e CN-120 aprobouse en novembro de 2010 e, debido ao elevado importe da actuación, decidiuse dividir as obras en dúas fases.

A primeira fase correspóndese co subtramo Porto Seco-LU-933, de case 0,9 quilómetros e xa en servizo. As obras comezaron en xullo de 2014 e recibíronse o en decembro de 2015.

A segunda fase é a do subtramo LU-933 – CN-120, de uns 1.100 metros de lonxitude. Neste subtramo a solución aprobada inicialmente pola Xunta de Galicia resultou incompatible coa seleccionada polo Ministerio de Fomento no EI da Autovía A-76. Por esta razón, acordouse a redacción dun novo proxecto de trazado e impacto ambiental que definise unha solución compatible coa A-76. Ademais, mantivéronse diversos contactos coa Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia co fin de fixar os criterios para que a dita solución fose autorizable.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O contrato para a redacción do novo proxecto de trazado, tramitación da avaliación de impacto ambiental e redacción do proxecto construtivo asinouse en decembro de 2016. A nova conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola área loxística e de intercambio de mercadorías do porto seco e constituirá a súa principal vía de unión coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.

O 18 de outubro de 2019 aprobouse o proxecto definitivo Conexión Porto Seco de Monforte coas estradas LU-933 e CN-120. Treito: LU-933- CN-120.

Tras a aprobación deste proxecto, hai que salientar que o Adif, no seu informe do 21 de novembro de 2019, reitera que para autorizar as obras deberase suprimir un paso a nivel. Non obstante, este paso nada ten que ver coa actuación, razón pola que a administración autonómica considera que a petición de Adif non só resulta inasumible senón que, ademais, está a bloquear a actuación.

Ademais, o informe da Confederación Hidrográfica do Miño Sil do 26 de decembro de 2019 solicita o redeseño das obras de drenaxe. Esta petición atrasa a actuación posto que implica refacer un proxecto xa aprobado; e a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia no seu informe do 6 de febreiro de 2020 solicita documentación complementaria unha vez acordada a solución. Ao igual que no caso anterior, trátase dunha petición que atrasa a actuación**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:57
Nº Rexistro: 47927
Data envio: 23/01/2023 10:42:57.012

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:42:52

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:39
Nº Rexistro: 47925
Data envio: 23/01/2023 10:42:39.559
Data 23/01/2023 10:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 39288,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os proxectos desenvolvidos polo Centro Tecnolóxico do Mar durante o ano 2021"**, (publicada no BOPG número 370, do 30 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar participou no ano 2021 en 64 proxectos e servizos relacionados coa investigación mariña que contribuíron a que Galicia se adapte aos retos existentes no eido marítimo-pesqueiro.

O ente dependente da Consellería do Mar colaborou nestas iniciativas con máis de 340 socios de 31 países distintos e entre os que se atopan administracións, empresas, universidades, centros de investigación, asociacións, institucións e ONG.

Entre os proxectos desenvolvidos en 2021 en materia de loita contra a contaminación mariña accidental, os contaminantes emerxentes, o lixo mariño ou o cambio climático destacan algúns como ML Style -para aplicar a economía circular aos residuos da actividade pesqueira e portuaria e desenvolver produtos para a industria téxtil-, CleanAtlantic -para protexer a biodiversidade mellorando as capacidades de previr, monitorizar e eliminar o lixo mariño-, NorWater -para abordar o problema dos contaminantes emerxentes- ou Manifests, para mellorar a metodoloxía de resposta ante episodios de contaminación mariña.

Na divulgación e transferencia de coñecemento destacan os proxectos Business2Sea - para reforzar as relacións entre os poderes públicos, as empresas, as universidades e os centros de I+D-, Seafood Age -para a elaboración de alimentos de orixe mariña orientados a un envellecemento saudable- ou Algalup, que pretende acadar avances na explotación das macroalgas nas zonas costeiras de Galicia e Portugal.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175986
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:42:36

En canto ás tecnoloxías mariñas, oceanografía operacional e avaliación de riscos costeiros, o Cetmar traballou en accións como o proxecto Silencio -para introducir sistemas de propulsión eléctrica en embarcacións pesqueiras de pequena escala para reducir o impacto do ruído- ou o MarRisk, que avalía os riscos costeiros máis importantes nun escenario de cambio climático para mellorar a resiliencia do sectores económicos tradicionais e emerxentes.

No campo da socioeconomía da pesca e do impacto económico do complexo mar-industria inclúense iniciativas como Aquavitae -que pretende acadar novas especies, produtos e procesos para incrementar a produción multitrófica nas cadeas de valor da acuicultura no Atlántico-, o proxecto FarFish -na mellora do coñecemento e a xestión da pesca en augas non europeas para mellorar a sustentabilidade e a rendibilidade da actividade- ou a acción Bapsi, que promove o diálogo entre a industria da transformación e elaboración e o sistema educativo para formar profesionais adaptados ás necesidades da industria.

No eido da colaboración e da formación, o informe salienta a actividade formativa realizada na escola A Aixola, con distintos cursos destinados a profesionais vencellados co sector en ámbitos como reparación de redes, velaría, mecánica e electricidade básica ou reparación de embarcacións pneumáticas, entre outras. A este labor engádese o proxecto MATES, que analiza a evolución das tecnoloxías marítimas en Europa para elaborar un plan estratéxico que mellore a competitividade da industria coa adecuación das formacións existentes para mellorar a cadea de valor da construción naval e das enerxías renovables en mar aberto.

O centro dependente da Consellería do Mar tamén desenvolveu importantes proxectos de cooperación internacional como pode ser o Acuipesca Perú, para aumentar a competitividade do sector da pesca artesanal e da acuicultura na baía de Sechura, e participa na Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira (Rede Invipesca) promovendo a colaboración e o intercambio de coñecementos entre as institucións e investigadores de referencia neste ámbito."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:39
Nº Rexistro: 47925
Data envio: 23/01/2023 10:42:39.559

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:42:36

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:24
Nº Rexistro: 47923
Data envio: 23/01/2023 10:42:24.794
Data 23/01/2023 10:42

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 39297,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as accións a desenvolver e os portos nos que se executará a renovación do alumeado"**, (publicada no BOPG número 370, do 30 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, investirá 3,8 millóns de euros no proxecto de modernización dos sistemas de alumeado de 26 portos de titularidade autonómica, co obxectivo de instalar sistemas de alumeado LED para crear espazos máis eficientes no consumo enerxético e aumentar a súa competitividade. As melloras introducidas permitirán acadar un aforro enerxético de ata o 60 %.

Esta actuación, que se levará a cabo no período 2022 e 2023, é froito dun convenio de colaboración asinado recentemente entre a Consellería do Mar e Portos de Galicia e que foi analizado no Consello da Xunta do 5 de maio de 2022. Así, tal e como se recolle no acordo, a Consellería destinará preto de 3,5 millóns de euros ás actuacións de mellora da iluminación nos portos pesqueiros -co cofinanciamento do Fondo Europeo Marítimo Pesqueiro- mentres que o ente público financiará con arredor de 400.000 euros os traballos que se realicen nos portos comerciais e mixtos.

Deste xeito, o Executivo galego executará a renovación do alumeado que posúen na actualidade cinco portos da zona norte (costa cantábrica) -Ribadeo, Burela, Viveiro-Celeiro, Cariño e Cedeira-; 12 portos da zona centro (Coruña Atlántica) -Sada-Fontán, Malpica, Laxe,

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175989
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:42:16

Fisterra, Cee, Muros, Portosín, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Cabo de Cruz e Rianxo-; e nove da zona sur (Pontevedra) -Vilanova de Arousa, O Xufre, Tragove, O Grove, Portonovo, Combarro, Bueu, Cangas e Moaña-. Unhas actuacións que suporán a renovación do 67 % do alumeado actual do sistema portuario galego.

O obxectivo principal destes traballos de modernización, permitirá reducir a contaminación ambiental e luminosa nos espazos portuarios pola utilización dunha mellor tecnoloxía e mellorar a súa xestión a través dun sistema de control remoto das luminarias, proxectores e centros de mando. Así, aportarase maior comodidade visual aos seus traballadores e usuarios ademais de procurar ese aforro enerxético estimado do 60 %.

Os traballos de mellora do alumeado nos espazos portuarios consistirán na instalacións de 2.500 luminarias e proxectores LED para a iluminación exterior das instalacións dos peiraos así como do equipamento informático necesario para a configuración do sistema de telexestión. Así mesmo, revisaranse as 625 luminarias LED xa existentes e os centros de mando ademais de levar a cabo un control de calidade do conxunto das instalacións.

Estas actuacións contribuirán a homoxeneizar a iluminación nestes portos e mellorar o confort visual dos traballadores e usuarios, así como a reducir os custos de funcionamento das instalacións de iluminación e a acadar un uso sustentable dos recursos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:42:24
Nº Rexistro: 47923
Data envio: 23/01/2023 10:42:24.794

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:42:16

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:41:52
Nº Rexistro: 47920
Data envio: 23/01/2023 10:41:52.309
Data 23/01/2023 10:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 39303,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as principais liñas de actuación do Programa de ciencias mariñas de Galicia"**, (publicada no BOPG número 370, do 30 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta do 4 de agosto de 2022 deu luz verde á sinatura de dous convenios para establecer as condicións de participación dos distintos organismos implicados no Programa de ciencias mariñas de Galicia, que forma parte dos Plans Complementarios previstos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Estado e conta cun financiamento de 10 millóns de euros.

Un dos convenios fai referencia ao reparto e ás condicións dos 6 millóns de euros financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resilencia dos Next Generation EU e o outro aos 4 millóns de euros restantes, que son aportados pola comunidade autónoma de Galicia a través do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa). A vixencia de ambos prolongarase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e para garantir a súa correcta execución crearase cadansúa comisión de seguimento.

O Programa de ciencias mariñas de Galicia obxecto destes acordos é froito do traballo en rede de máis de 250 investigadores e un exemplo da colaboración para acadar un desenvolvemento sostible das actividades vencelladas co mar. De feito, conta coa participación de preto de 90 grupos de investigación pertencentes ás institucións galegas máis punteiras entre as que se atopan seis centros de investigación dependentes da Xunta (Cesga, Cetmar, CIMA, Igafa, Intecmar e Meteogalicia), as tres universidades públicas galegas e catro centros dependentes do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175992
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:41:48

O plan de Galicia está organizado en 11 áreas, 38 actuacións, 132 actividades e 293 tarefas e ten tres grandes eixos de actuación. Un deles é desenvolver unha estratexia de gobernanza permanente da observación e monitorización do ecosistema mariño en todas as súas dimensións. Isto permitirá obter a información necesaria para garantir un aproveitamento máis sustentable dos seus recursos. Nesta liña, Galicia desenvolverá ferramentas e tecnoloxías innovadoras para construír unha plataforma de datos integrada no centro de supercomputación galego.

Outro reto deste plan é o de potenciar unha produción acuícola sustentable mediante a mellora da investigación xenómica -para avanzar nos resultados do sector-, desenvolver ferramentas para o abastecemento estable de semente na acuicultura de moluscos bivalvos, mellorar a prevención e control de patoloxías e xerar novos sistemas de cultivo sustentable.

O terceiro obxectivo é a transformación social e económica e a transferencia, capacitación e capitalización do coñecemento cara unha auténtica economía azul sustentable. Abordarase mediante unha investigación multidisciplinar no eido das ciencias sociais que inclúa ramas como a física, a química, a xeoloxía ou a bioloxía, entre outras.

Todo este traballo reflicte que a I+D+i é prioritaria para o sector, xa que lle permitirá posicionarse para gañar competitividade a futuro e avanzar en dar resposta a retos globais como a protección e xestión sostible dos ecosistemas mariños. Precisamente, a xestión innovadora dos recursos naturais, como a pesca ou a acuicultura, e a sostibilidade son prioridades da Estratexia Galega de Especialización Intelixente 2027 (RIS3), a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sostible e de calidade a través da innovación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:41:52
Nº Rexistro: 47920
Data envio: 23/01/2023 10:41:52.309

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2023 10:41:48

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2023 10:41:35
Nº Rexistro: 47918
Data envio: 23/01/2023 10:41:35.340
Data 23/01/2023 10:41

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 39313,** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance fai o Goberno galego das dúas ordes de axudas destinadas a proxectos para a conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas mariños e a proxectos de rexeneración que permitan a mellora da produtividade dos bancos marisqueiros"**, (publicada no BOPG número 370, do 30 de agosto de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Mar subvenciona a rexeneración de máis de 3 millóns de metros cadrados de superficie de bancos marisqueiros ao abeiro das convocatorias de 2022,destinadas á mellora da produtividade de zonas de marisqueo e á protección dos seus ecosistemas. Este traballo será realizado polo sector marisqueiro no marco dos 45 proxectos aprobados pola Xunta para este fin por importe de preto de 1,4 millóns de euros e que se desenvolverán entre este ano e o que vén.

Os apoios baixo os que se realizan estas tarefas son, por unha banda, os destinados a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Por outra banda, tamén apoian labores deste tipo as achegas dirixidas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción, financiadas integramente con fondos propios da comunidade autónoma.

CSV: BOPGDSPG-jEojk5rTh-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

175995
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/01/2023 10:41:31

Así o detalla un informe analizado no Consello da Xunta do 23 de xuño de 2022, sobre a resolución das convocatorias deste ano. Este documento reflicte que na maioría da superficie obxecto dos labores de rexeneración -en máis de 2,5 millóns de metros cadrados- se realizarán tarefas de remoción de substrato para impulsar a reprodución dos organismos mariños.

Outras actuacións que se desenvolverán e que están centradas en hábitats costeiros, con medidas como a achega de áridos, afectan máis de 139.000 metros cadrados.

Estes traballos inclúen iniciativas das confrarías de Cabo de Cruz, Rianxo, Barallobre, Vilaboa, O Carril, O Grove, Vilaxoán, Cambados, Pontedeume, Lourizán, Ribeira, Camariñas, A Illa de Arousa, Pontevedra, Vilanova, Carreira-Aguiño, Raxó, A Pobra, Bueu e Arcade. Tamén a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo

